

NOÉ NON VIRÁ ESTA TARDE

**DEIXA ABERTA A FESTA DA PROFECIA LENTA
PORQUE XA LUAS ANTERIORES
PADECERON NOS PES NUS A LUZ DE OUTROS OFÍDIOS
ATERRADOS SOLDESCERES POLAS CASAS DOS HOMES
NON PRECISO A PALAVRA PARA O QUE ACUSO
ABONDA COAS ESFERAS DOS RELÓXIOS ENTRANDO-NOS NA CARNE
SEMENTE
MALDICIÓN
ESFORZO PLANETÁRIO
PORQUE TODO FOI FEITO PARA OS SEUS OLLOS NO SÉTIMO DIA
ABONDA COS PEIXES QUE ACUDEN À CHAMADA
CÍRCULO DESCÉNTRICO DO CRISTAL QUE NOS SUICIDA
LAXEIRA MOLE
ELEVADA ONDA CONTRA AS CASAS
POIS EU SEI DA VINGANZA DO MAR
QUE ACUDE À BALAUSTRADA INÓSPITA DOS SOLSTÍCIOS
CON ARMAS DE MATAR
CON ARMAS DE MATAR ACUDEN TAMBÉN AS AVES
ROTOS OS ALBERGUES DAS LAGOAS CON ARMAS DE MATAR
ACUDE O VENTO ÀS POLAS DESAFINADAS DA CIDADE
CON ARMAS DE MATAR
ACUDEN AS HORAS FUXIDIAS DAS MANILLAS DOS MERCADOS
CON ARMAS
CON ARMAS A MATAR**

**E CUMPRIDA A MORTE
NO AGOIRO DOS PEIXES FERIDOS E OS CORZOS DO VELENO
ESTRAGADAS AS RAS E AS PRINCESAS
ESQUECIDO O NOME DAS COUSAS PARA SEMPRE
NO PROTOCOLO DAS ESPÉCIES EN ARCA
ANÚNCIO LEVEMENTE
COMO NON ME PERMITEN OS ÓRGÃOS OFICIAIS DA PROPAGANDA**

QUE NOÉ TAMPOUCO VIRÁ ESTA TARDE

FRANCISCO SOUTO

